


Organiza:

Concello de Laxe
*Concellaría de comercio, hostalaría,
turismo e cultura*

Colabora:



Deputación
DA CORUÑA



I XORNADAS DE TURISMO ARQUITECTÓNICO, PATRIMONIAL E CULTURAL

6 concertos musicais no patrimonio relixioso municipal

Concello de Laxe - Novembro do 2022

4º. - 20/11/2022 -

**En concerto:
" PABLO RODRÍGUEZ "**



Igrexa de Santa María de Serantes

INFORMACIÓN ARQUITECTÓNICA E HISTÓRICA

A igrexa de Santa María de Serantes, é dunha nave e unha ábsida de base rectangular.

Foi **reconstruída** seguindo as trazas dunha anterior **románica do século XII**.

Deste templo primitivo **consérvase o lintel** dunha das portas, cunha cruz inscrita nun círculo e unha data referida á era MC (ano 1162).

Tamén amosa unha **ara romana dedicada ó Dios celta Cosus**.

A **porta principal** posúe un **arco oxival do século XV**. Cóntase na vila que, ó estar ó lado do mar, foi obxecto de numerosos espolios por piratas e saqueadores ó longo da súa historia.



Para máis información, accede á nosa web:
<https://turismolaxe.gal/arquitectura-2/arquitectura-relixiosa/>

PROGRAMA

17.00 h.- CHARLA ARQUITECTÓNICA a cargo do mestre de xeografía e historia **Luis Giadás**.



Fonte: En “La Voz de Galicia”
(16 de novembro do 2013)

17.30 h.- CONCERTO MUSICAL: “ PABLO RODRÍGUEZ ”.

O guitarrista coruñés Pablo Rodríguez está considerado por crítica e público como un dos máis grandes talentos españois da súa xeración, polo seu máxico son, virtuosismo e poder de comunicación, así como polas súas profundas e eruditas interpretacións nas que, a través dun amplo coñecemento dos estilos consegue plasmar a súa personalidade artística con gran mestría e orixinalidade.



Actuando en público desde os 14 anos de idade, a súa actividade musical levoulle por toda a xeografía española, Portugal, Francia, Italia, Suíza e Reino Unido... ofrecendo máis dun centenar de concertos ata a data.

Pablo toca cunha guitarra do guitarrero alacantino Carlos Juan Busquiel e cun instrumento histórico de Parizot & Lauriol, Bordeus ca.1830.